

Asunto: CONVOCATORIA DA PRODUCCIÓN DE INVESTIGACIÓN DO ANO 2015 (PI 2015)

Estimado/a Director/a:

Con esta comunicación iniciase o proceso para a avaliación da Producción de Investigación do ano 2015, detallándose o procedemento e criterios nos documentos dispoñibles na web da Universidade.

As actividades a realizar polos departamentos serán as seguintes:

1. Solicitar a categorización das editoriais que non estean recollidas na lista preliminar aprobada pola Comisión de Investigación, e nas cales o persoal investigador teña publicado no ano 2015 contribucións correspondentes ao apartado de "Libros" ou "Capítulos de libros".
2. Xestionar a introdución dos datos dos méritos a avaliar na aplicación informática SUXI-XC.
3. Recoller a documentación acreditativa dos méritos e, unha vez verificada, validar os méritos introducidos na aplicación.
4. Remitir o listado definitivo de méritos validados á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia asinado polo/a secretario/a ou director/a do departamento a través dos Rexistros oficiais da Universidade de Vigo. Este listado reflicte o conxunto de méritos cuxa avaliación se solicita, e debe contar có visto bo do Consello de departamento, podendo establecerse mecanismos internos de delegación coa aprobación do Consello, se procede. Os datos remitidos deben corresponder aos introducidos na aplicación informática.

Os departamentos serán depositarios na súa sede da documentación xustificativa dos méritos. Lémbrese que a Vicerreitoría de Investigación e Transferencia levará a cabo unha comprobación por mostraxe dos datos rexistrados con posterioridade á avaliación provisional.

Para o desenvolvemento do proceso utilizarase a aplicación informática SUXI-XC (Sistema Unificado de Xestión de Investigación-Xestión Curricular).

Vigo, 26 de xullo de 2016

A VICERREITORA DE INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA



María Asunción Longo González

Universidade de Vigo - Rexistro Xeral
Saída Nº. 201600012072 26/07/16 10:35:00